



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Erasmus+
Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.



Proxecto propio de CIFP Imaxe e son

2024-1-ES01-KA131-HED-000214907

Convocatoria febreiro de 2026

1
Min.



Mobilidade: Persoal para formación (HE-STT)

Obxectivo de CIFP Imaxe e son: Contactar con centros de formación e empresas que posibiliten futuras mobilidades de estudantes.

Diñeiro total dispoñible: 4619 euros, máis a cantidade que CIFP Imaxe e son considere da axuda para gastos de organización.

Actividade: Aprendizaxe por observación.

Prazas: Entre 4 e 6 (pode variar en función dos días de mobilidade solicitados).

Requisitos: Estar en activo como docente ou membro do equipo directivo en CIFP Imaxe e son.

Días: Entre 2 e 5 días (máis 2 días de viaxe)

Datas para realizar a mobilidade: Entre o 2 de marzo e o 26 de xuño.

Destinos: Corresponde a cada persoa beneficiaria contactar co centro de formación / empresa de acollida.

Opción A_ Mobilidade a Centro educativo e máis a unha empresa.

Opción B_ Mobilidade a unha empresa.

Especialidades:

País

Noruega, Polonia

Dinamarca Portugal

Irlanda

Empresas

Animación

Son

Realización e Producción

Financiamento: Axuda individual. Viaxe. Pagos: 90% antes da mobilidade e o 10% ao remate.

Condicionantes CIFP Imaxe e son:

Dúas persoas como máximo viaxarán a través do mesmo programa de mobilidade na mesma data ao mesmo destino.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Erasmus+
Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.



Convocatoria

Proxecto propio de CIFP Imaxe e son

2024-1-ES01-KA131-HED-000214907

No desenvolvemento desta actividade participan: Erasmus +, SEPIE, e CIFP Imaxe e son. A Comisión Europea é a responsable do desenvolvemento do programa Erasmus+, SEPIE é a axencia nacional que promove e executa o programa a escala nacional, CIFP Imaxe e son é beneficiario deste proxecto de mobilidade.

1. Obxecto da convocatoria.

O propósito desta convocatoria é a concesión de axudas de mobilidade de persoal para formación (HE-STT) na modalidade de "aprendizaxe por observación"

Na actividade de aprendizaxe por observación o persoal docente pode pasar un período de tempo nunha organización de acollida noutro país co obxectivo de aprender novas prácticas e recompilar novas ideas observando e interactuando con compañeiros, expertos ou outros profesionais no seu traballo diario na organización de acollida.

O espazo de acollida pode ser un centro de educación superior ao que se lle concedeu unha Carta Erasmus; ou calquera organización pública ou privada activa no mercado laboral ou nos ámbitos da educación, a formación, a xuventude, a investigación e a innovación.

Oferta de mobilidades:

Destino	Prazas	Duración	Datas
Portugal Noruega Polonia Dinamarca Irlanda Países Baixos	Entre 4 e 6	Entre 2 e 5 días	Entre o 2 de marzo e o 26 de xuño de 2026

O financiamento total dispoñible é de 4. 619 euros, máis a cantidade que CIFP Imaxe e son considere da axuda recibida de SEPIE para gastos de organización e xestión das mobilidades. Adxuricaranse 4 prazas e si quedasen fondos unha ou dúas máis.

En caso de quedar prazas vacantes ou de non agotar a partida orzamentaria prevista para esta convocatoria, CIFP Imaxe e son destinará o diñeiro restante a outras iniciativas ERASMUS+

2. Requisitos

Os requisitos para optar a unha praza de mobilidade Erasmus+ nesta convocatoria son:

- **Vínculo Laboral Activo:** Ser persoal docente ou formar parte da equipa directiva en CIFP Imaxe e son durante todo o período da mobilidade.
- **Selección e acordo coa empresa de acollida:** A persoa solicitante deberá presentar un documento acreditativo de que a organización de acollida acepta a súa proposta de mobilidade ERASMUS+
- **Plan de Formación/Docencia (Mobility Agreement):** A persoa beneficiaria, CIFP Imaxe e son, e a organización de acollida, deberán asinar un Mobility Agreement no que se reflicta as condicións e actividades previstas durante a mobilidade.
- **Obxectivo de CIFP Imaxe e son:** O persoal beneficiario dunha mobilidade por observación deberá incluír no seu plan de actividades a visita a polo menos unha empresa ou entidade relevante do sector profesional na zona de destino.
- **Dominio Lingüístico:** Acreditar, cando sexa necesario, un nivel de competencia lingüística B1 ou superior no idioma de traballo da organización de acollida.

3. Duración.

A mobilidade ten a seguinte estrutura: un día para a viaxe de ida, entre 2 e 5 días de actividade de formación, e outro día para a viaxe de volta.

4. Calendario.

A presente convocatoria rexerase polas seguintes datas:

11 febreiro	► Publicación da convocatoria.
20 febreiro	► Fin do prazo de presentación de solicitudes ás 12.00h.
20 febreiro	► Publicación Provisional listaxe de persoal beneficiario.
23,24,25 febreiro	► Presentación posibles reclamacións.
27 febreiro	► Publicación listaxe definitivo.
2 marzo	► Inicio do prazo de execución da mobilidade.
15 abril	► Data límite para que o persoal beneficiario informe a Coordinación Internacional dos datos identificativos e contacto da empresa/entidade de acollida. A partires da presentación da información anterior, Coordinación internacional disporá de 14 día naturais para preparar a documentación da mobilidade solicitada por ERASMUS+. O persoal que non presente a documentación solicitada interpretarase que renuncia á praza de mobilidade.
26 xuño	► Fin do prazo para realizar a mobilidade.

5. Destinos admisibles.

Os países e empresas que poden seleccionarse son:

País	Empresas
Noruega, Polonia.	Animación
Dinamarca, Portugal.	Son e Imaxe
Irlanda, Italia.	Realización e Producción

As mobilidades solicitadas por cada docente debe relacionar país e actividade da empresa. Cada docente pode solicitar un ou máis dun destinos de acollida.

6. Financiamento. Apoio individual.

6.1. Apoio individual.

A axuda recibida por cada beneficiario depende de dous criterios:

PRIMEIRO_ As cantidades publicadas na Guía Erasmus+24. Pode consultarse unha síntese desta información publicada por SEPIE en [Financiamento mobilidade KA-131 / 2024](#).

AYUDAS INDIVIDUALES: MOVILIDADES FÍSICAS DE PERSONAL (HASTA 60 DÍAS)		Hasta el día 14
 Grupo 1 Países con costes de vida más altos	Países de la UE y asociados al programa: Alemania, Austria, Bélgica, Dinamarca, Finlandia, Francia Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Bajos, Suecia. Países no asociados al programa de las regiones 13 y 14: Andorra, Estado de la Ciudad del Vaticano, Mónaco, San Marino; Islas Feroe, Reino Unido, Suiza.	entre 120-190 €/día
 Grupo 2 Países con costes de vida medios	Países de la UE y asociados al programa: Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal.	entre 105-170 €/día
 Grupo 3 Países con costes de vida más bajos	Países de la UE y asociados al programa: Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia, Turquía.	entre 90-148 €/día
 Países no asociados al programa de las regiones 1 a 12		190 €/día

SEGUNDO_ Seguindo o procedemento proposto por SEPIE, CIFP Imaxe e son acordou financiar a cada persoa beneficiaria co 90% do máximo permitido para cada un dos tres Grupos de mobilidade:

GRUPO	CantidadE
Grupo 1	171 Euros/día
Grupo 2	153 Euros/día
Grupo 3	133 Euros/día

6.2. Apoio á inclusión e costes especiais.

Existen vías de financiamento especiais tanto para o "Apoio á inclusión" como para afrontar "Costes especiais" para executar a mobilidade. A información sobre este tipo de financiamento pode consultarse no enlace: [Erasmus+: un programa inclusivo](#).

7_Financiamento. Gastos viaxe.

Os pagamento de gastos de desprazamento terán en consideración os kilómetros de distancia entre CIFP Imaxe e son e o lugar de acollida. Pode calcularse a distancia na aplicación Erasmus +: [Distance calculator](#). Segundo a web de SEPIE:

AYUDAS DE VIAJE: ESTUDIANTES Y PERSONAL		
 Distancias ²	 En caso de viaje ecológico	 En caso de viaje no ecológico
Entre 10 y 99 km:	56 EUR por participante	28 EUR por participante
Entre 100 y 499 km:	285 EUR por participante	211 EUR por participante
Entre 500 y 1 999 km:	417 EUR por participante	309 EUR por participante
Entre 2 000 y 2 999 km:	535 EUR por participante	395 EUR por participante
Entre 3 000 y 3 999 km:	785 EUR por participante	580 EUR por participante
Entre 4 000 y 7 999 km:	1188 EUR por participante	1188 EUR por participante
8 000 km o más:	1735 EUR por participante	1735 EUR por participante

² Calculadora de distancias disponible en https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources/distance-calculator_es

O persoal que opte polo desprazamento ecolóxico poderá recibir até catro días de apoio individual adicional para cubrir os días de viaxe nun traxecto de ida e volta, si procede.

O 90% dos gastos da mobilidade será ingresada ao persoal beneficiario antes de iniciar a viaxe e o 10% restante será pagado á volta da mobilidade.

8. Resultados previstos.

8.1 Resultados previstos para persoal beneficiario.

Segundo Erasmus+:

En canto ao persoal, os traballadores no ámbito da mocidade e os profesionais do ámbito da educación, a formación e a mocidade, prevese algún dos resultados seguintes:

- mellora das competencias vinculadas aos seus perfís profesionais (ensino, formación, traballo no ámbito da mocidade etc.)

- mellor entendemento das prácticas, as políticas e os sistemas educativos, de formación ou de traballo no ámbito da mocidade dos diversos países;
- maior capacidade de provocar cambios en canto á modernización e a apertura internacional dentro das propias organizacións educativas;
 - mellor entendemento das interconexións entre a educación formal e a non formal, a formación profesional e o mercado de traballo, respectivamente;
 - maior entendemento e capacidade de resposta a todo tipo de diversidade, por exemplo, a diversidade social, étnica, lingüística, cultural e de xénero, así como á diversidade de capacidades;
- maior capacidade de abordar as necesidades das persoas con menos oportunidades;
- maior apoio ás actividades de mobilidade dos estudantes e maior promoción das devanditas actividades;
- maiores oportunidades de desenvolvemento profesional;
- mellora do coñecemento de linguas estranxeiras e das competencias dixitais;
- maior motivación e satisfacción no traballo cotián.

8.2. Resultados previstos para CIFP Imaxe e son.

Propiciar un ambiente máis moderno, dinámico, comprometido e profesional dentro da organización:

- disposto a integrar boas prácticas e novos métodos nas actividades diarias;
- apertura a sinerxías con organizacións activas en diferentes ámbitos sociais, educativos e laborais;
- planificación estratéxica do desenvolvemento profesional do persoal en relación coas necesidades individuais e os obxectivos da organización;
- mantemento da comunicación, a transferencia de coñecementos e a difusión de melloras, cando proceda, capaz de atraer estudantes e persoal académico excelentes de todo o mundo.

9. Trámites a seguir antes, durante e ao finalizar a mobilidade.

9.1. ANTES DE COMEZAR A MOBILIDADE.

Unha vez publicada a resolución definitiva da convocatoria, o profesorado beneficiario deberá realizar os seguintes trámites:

► Seleccionar o Centro / Empresa de acollida.

CIFP Imaxe e son / Coordinación internacional atenderá as solicitudes de cada persoa beneficiaria durante a búsqueda de destino. Porá á súa disposición información sobre:

- > Centros de formación de educación superior que formamos parte de ERASMUS+
- > Equivalencias de nivel de estudos entre países.
- > Empresas do sector en Europa.
- > Empresas contactadas previamente por CIFP Imaxe e son.
- > Centros de formación contactados previamente por CIFP Imaxe e son.

► Asinar o Acordo de mobilidade

Entre CIFP imaxe e son, a persoa beneficiaria e o Centro de formación/empresa de acollida asinarase un Acordo de mobilidade. O acordo contén a seguinte información:

- Obxectivos xerais da mobilidade.
- Valor engadido da mobilidade.
- Actividades a realizar.
- Resultados e impacto previstos

As actividades máis comúns son:

- Encontro co Equipo directivo.
- Encontros con persoal responsable de Departamentos
- Presentación de CIFP Imaxe e son ao persoal docente e/ou estudantes.
- Participación en sesións didácticas.
- Visitas a outros centros de formación.
- Visitas a empresas do sector.
- Visitas institucionais vinculadas ao audiovisual.
- Asistencia a actividades culturais vinculadas á formación impartida en CIFP Imaxe

e son (espectáculos, cine, televisión, teatro, concertos...)

► Asinar o Convenio de subvención.

Entre a persoa adxudicataria e o CIFP Imaxe e son acordarase un Convenio coa seguinte información:

- Obxecto do convenio.
- Entrada en vigor e duración da mobilidade.
- Axuda financeira
- Modalidades de pago
- Seguro
- E outros...

No mesmo momento da sinatura do convenio a persoa beneficiaria presentará a "Solicitud de execución da mobilidade" a Dirección segundo o modelo definido pola Consellería.

► Cobertura sanitaria.

A persoa beneficiaria realizará os trámites necesarios para asegurarse da cobertura sanitaria no país de destino (Tarxeta sanitaria europea e/ou Seguro sanitario).

► Seguro.

A persoa beneficiaria presentará a Coordinación internacional un seguro coas características solicitadas por ERASMUS+ de responsabilidade civil durante o tempo que dure a mobilidade.

► Viaxe e aloxamento.

A persoa beneficiaria xestionará a súa viaxe e aloxamento.

9.2. DURANTE A ESTANCIA

Durante a estancia o persoal adxudicatario deberá:

► Incorporarse ao centro de destino na datas prevista e presentarse ao coordinador de programas internacionais.

- ▶ Permanecer no destino durante a totalidade da estancia indicada no convenio de subvención e levar a cabo o plan de mobilidade acordado.
- ▶ Informar das incidencias na maior brevidade posible.
- ▶ Informar do acollemento e enviar material gráfico a coordinación internacional para publicar nas redes do CIFP Imaxe e son.

9.3 AO REGRESAR

Nun prazo máximo de quince días desde o regreso a persoa beneficiaria deberá:

▶ Enquisa.

Realizar a enquisa online EU Survey solicitada por ERASMUS+

▶ Certificado de asistencia.

Entregar a coordinación internacional o certificado de asistencia á mobilidade que deberá estar asinado e selado pola Institución ou organismo educativo de acollida. O documento debe facer referencia ás datas da mobilidade e ao programa de actividades realizado. É obrigatorio que a data da certificación sexa igual ou posterior á data de finalización da estancia. Non se admitirán certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.

▶ Recoñecemento da actividade de formación

Cada participante solicitará á Xunta de Galicia o recoñecemento de horas de formación segundo o procedemento descrito no acordo de mobilidade e presentará o xustificante da solicitude a coordinación internacional.

▶ Memoria

Cada participante deberá realizar unha memoria da súa experiencia. O documento será enviado a coordinación internacional. Estas memorias publicaranse na web do CIFP Imaxe e son e na Aula virtual de coordinación internacional e quedarán arquivadas para posterior

utilización en actividades ERASMUS+: charlas, presentacións, información sobre os centros de destino, etc.

► Compartir resultados

Cada persoa beneficiaria presentará a súa experiencia ao profesorado nunha xornada de difusión de proxectos de mobilidade.

10. Criterios de selección do profesorado.

A convocatoria será resolta pola Comisión de valoración.

A Comisión estará formada por: director do centro ou persoa en quen delegue, coordinador de programas internacionais, dous membros do equipo directivo, un profesor ou profesora.

As prazas serán adxudicadas por este orde:

■ PRIMEIRO_ Titoras ou titores de alumnado beneficiario dunha mobilidade FCT ou de recente titulación.

■ SEGUNDO_ Profesorado que impartiu ou imparte aulas ao alumnado anteriormente referido. Responsable de Formación en Centros de traballo, Coordinación internacional, Equipo directivo.

■ TERCEIRO_ Persoal docente de CIFP Imaxe e son.

Os criterios de selección son:

Nº	Criterio	Puntos (Máximo)
1.	Antigüidade como Docente na Consellería de Educación e en CIFP Imaxe e son. Máximo 3 puntos.	
	Destino definitivo en CIFP Imaxe e son. 10 anos de experiencia como Docente en CIFP Imaxe e son.	3
	Destino definitivo en CIFP Imaxe e son. 5 anos de experiencia como Docente en CIFP Imaxe e son.	2

Destino definitivo en CIFP Imaxe e son.	1
Sin destino definitivo. 3 ou máis anos de experiencia como Docente na Consellería de educación.	0,75
Sin destino definitivo. Menos de 3 anos de experiencia como Docente na Consellería de educación.	0,5

2. **Adecuación do perfil profesional / actividade proposta.** Máximo 3 puntos

A actividade solicitada está directamente relacionada coa docencia ou funcións realizadas en CIFP Imaxe e son durante este curso académico 25-26.

Máximo 3 puntos.

3

Módulos impartidos.	1
Actividades (interciclo, ciclo, módulo) realizadas.	1
ACF específicas realizadas	1
Actividades realizadas en colaboración con outras institucións / Centros de formación	1

3. **Acreditación da lingua de traballo.** Máximo 3 puntos.

	B1	B2	C1	C2
Idiomas oficiais do país de destino	1,5	2	2,5	3
Inglés	1,5	2	2,5	3
Outros idiomas (por cada idioma agás galego e español)	0,25	0,5	0,75	1

3

4. **Erasmus+: Actividades. Formación, mentorías, colaboracións. Durante os tres últimos cursos (22-23, 23-24, 24-25).** Máximo 3 puntos.

Unha experiencia mobilidade ERASMUS+ anterior da persoa solicitante tivo como consecuencia a mobilidade de alumnado.	3
Organización actividade WFSM.	3
Mentoría en actividade WFSM. (mínimo 3 días)	2
Actividade realizada con persoal docente /alumnado INCOMING (Mínimo 2 horas)	1
Participación en grupo de traballo de formación Internacional entre 22-23 e 25-26.	1

3

5. **ERASMUS+ Primeira experiencia** (Últimos tres anos académicos)

Máximo 2 puntos.

2

Sin experiencia de mobilidade saínte ERASMUS+ (En calquera centro de formación dependente da Consellería de educación)	2
--	---

6. **Necesidades de CIFP Imaxe e son.**

Máximo 3 puntos.

As persoas aquí referidas deben aceptar na solicitude realizar alomenos unha visita a unha empresa no lugar de destino. O obxectivo é establecer contactos que permitan ao alumnado facer mobilidades de FCT ou como recién titulados este curso.

3

Titoría de alumnado beneficiario de mobilidades FCT ou Recén titulados. 25-26.	3
Docente de alumnado beneficiario de mobilidades FCT ou Recén titulados. 25-26.	2
Equipo directivo	2
FCT e Coordinación internacional.	2
Docente	1

2

7. **Apoio á inclusión.** Máximo 2 puntos.

Este criterio toma como referente a documentación ERASMUS+ / SEPIE. Ver: <http://sepie.es/inclusion.html>

No caso de empate nos méritos terase en conta, por orde:

1. Titor ou titora de alumnado beneficiario de mobilidade FCT ou recente titulación.
2. Primeira mobilidade ERASMUS+
3. Docente con apoio á inclusión.

11. Condicionantes CIFP Imaxe e son

Segundo o acordado entre Cordinación internacional e Dirección de CIFP Imaxe e son deberase ter en consideración o seguinte:

- Non se pode viaxar nas datas de auditorías.
- Non se pode viaxar en datas de exámenes e avaliacións.
- as persoas responsables de Xefaturas de Departamento non poderán viaxar nas

semanas de reclamacións.

- O profesorado que imparte clase nalgún módulo de 2º ordinario debe viaxar preferentemente no terceiro trimestre.
- Dúas persoas como máximo viaxarán a través do mesmo programa de mobilidade na mesma data e ao mesmo destino.
- Un grupo de alumnado non poderá quedar sin clase de máis dun docente por motivos de mobilidades internacionais.

12. Presentación da solicitude. Lugar e datas

A documentación debe dirixirse á Comisión avaliadora de mobilidades de proxectos internacionais. As persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude (Anexo I).
- Méritos (Anexo II).

Documentación acreditativa de méritos:

- Certificación de formación en idiomas.
- Xustificantes de persoa merecedora de axuda á inclusión.

Coa firma da solicitude a persoa solicitante autoriza que o Secretario de CIFP Imaxe e son informe á Comisión de valoración dos seguintes datos reflectidos na Plataforma de Persoal da Xunta de Galicia:

- Antigüidade no centro.
- Antigüidade como docente na Consellería de Educación.

12.2. Lugar e prazo de entrega.

A solicitude debe presentarse na Secretaría de CIFP Imaxe e son.

O prazo de entrega será entre o día da publicación da convocatoria e o 20 de febreiro ás 12:00 h.

13. Publicación da adxudicación das axudas de mobilidade.

A efectos informativos CIFP Imaxe e son publicará as resolucións provisionais e definitivas de alumnado beneficiario, en reserva e non admitido no taboleiro de anuncios e na páxina web. A desconformidade con este apartado poderá ser manifestada mediante escrito nas observacións da propia solicitude da convocatoria.

14. Renuncias.

A renuncia a unha axuda de mobilidade xa adxudicada presentarase por escrito ao coordinador Erasmus+ da Escola no prazo de 5 días dende a resolución definitiva da convocatoria.

Finalmente,

O proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000214907 está cofinanciado pola Unión Europea. A información desta convocatoria só compromete a CIFP Imaxe e son e non reflexa necesariamente o parecer da Unión Europea nin os do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE). Nin a Unión Europea nin a Agencia Nacional SEPIE poden ser considerados responsables do contido desta publicación.

Segundo a Guía Erasmus:

“A educación, a formación, a xuventude e o deporte son ámbitos clave que contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional da cidadanía. En última instancia, unha educación e formación de gran calidade e inclusiva, así como o aprendizaxe informal e non formal, equipan aos novos estudantes e participantes de tódalas idades coas cualificacións e capacidades necesarias para unha participación significativa

*nunha sociedade democrática, o entendemento intercultural e
para xestionar con éxito as transicións ao mercado laboral.”*

Carlos Luis Oro Claro
Coordinador internacional

Ignacio Romero Sñanchez
Director

A Coruña a 9 de febreiro de 2026



**Cofinanciado por
la Unión Europea**



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Erasmus+
Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.



ANEXO I

SOLICITUDE

2024-1-ES01-KA131-HED-000214907

DATOS PERSOAIS

Nome e Apelidos:	
Especialidade:	
Xénero:	

PREFERENCIAS DE DESTINO E DATAS

Curso académico / Trimestre preferente	
--	--

MOBILIDADES SOLICITADAS

Indica a orde de preferencia: 1º, 2º e 3º.

	País	Empresas	Orde preferencia
1ª	Noruega, Polonia	Animación	
2ª	Dinamarca Portugal	Son	
3ª	Irlanda	Realización e Producción	



ANEXO II

MÉRITOS E ACREDITACIÓN

2024-1-ES01-KA131-HED-000214907

1. Antigüidade como Docente na Consellería de Educación e en CIFP Imaxe e son.

Agás que se indique o contrario na solicitude o Secretario de CIFP Imaxe e son informará á Comisión de Baremación da puntuación de cada solicitante neste criterio.

2. Adecuación do perfil profesional / actividade proposta.

Informa moi brevemente sobre: módulos impartidos e actividades realizadas en cada módulo.

Módulos impartidos 25-26	Prácticas interciclo	ACF	Colaboración con centros fóra de CIFP Imaxe e son

3. Acreditación da lingua de traballo.

Idioma	Nivel	Documento acreditativo presentado

4.ERASMUS+ Actividades. Formación, mentorías, colaboracións. Durante os tres últimos cursos (22-23, 23-24, 24-25).

Informa da túa experiencia en actividades ERASMUS+. Actividades de formación (CFR) en grupos de traballo e seminarios. Participación en actividades INCOMING: mentorías, colaboracións. Participación en actividades OUTGOING: mobilidades saíntes realizadas e impacto en CIFP Imaxe e son.

5. ERASMUS+ Primeira experiencia (Últimos tres anos académicos)

Para obter a puntuación deste criterio de mérito a persoa solicitante debe informar no cadro inferior que nos últimos tres anos non realizou unha mobilidade saínte financiada por ERASMUS+

6. Necesidades de CIFP Imaxe e son.

As persoas solicitantes deste criterio de mérito, en caso de ser beneficiarias dunha axuda saínte de aprendizaxe por observación, asumen o compromiso de facer durante a súa mobilidade unha visita a un centro de traballo. No recadro seguinte informa si aceptas ou non o compromiso.

7. Apoio á inclusión.

Informa do apoio solicitado.

Solicitud de recursos (Movilidade, etc.)

Documento acreditativo presentado

A Coruña, ____ de febreiro de 2026.

Sinatura.



**Cofinanciado por
la Unión Europea**